

INFORME DE INTERVENCIÓN

Proposta de clasificación: SERVICIO DE MANTEMENTO DOS ASCENSORES E ELEVADOR DA TRIBUNA DO HEMICICLO
Valor estimado de licitación do contrato: 20.855,94 € (10.427,97€ VE sen ive/ ano)
Duración: 1 ano dende a formalización prorrogable ata outro ano mais

A proposta de clasificación figura no informe final de avaliación expedido pola Comisión negociadora o 22 de xuño de 2016 respecto das ofertas presentadas, sendo a oferta mais vantaxosa a de Schindler, SA cuxo prezo anual é de 3.852,19€ mailo ive (4.661,15€ ive engadido)

Datos do expediente:

- Procedemento negociado sen publicidade
- Tramitación ordinaria
- Múltiples criterios de adxudicación

Análise

Comprobáronse os extremos indicados na Resolución de 02/06/2008, da IGAE, respecto do exercizo da función interventora en réxime de requisitos básicos e a Orden de 04/01/2010 que aproba o réxime de fiscalización limitada previa para determinados expedientes de gasto da Consellería de Facenda. Especialmente:

- Invitacións cursadas a tres empresas ou mais: neste caso foron invitadas 5 empresas
- Ofertas recibidas: recibíronse 4 ofertas que rebaixan todas elas aproximadamente ao 50% o prezo de licitación, reducíndose aínda mais na fase de negociación.
- Razóns para a aceptación ou rexeitamento aplicadas polo órgano de contratación: non houbo
- De existir ofertas con valores anormais ou desproporcionados, que existe constancia da solicitude de información aos licitadores supostamente comprendidos nelas e informe do servizo técnico correspondente: non se deu o caso destas ofertas segundo consta nos informes da Comisión negociadora ao abeiro da cláusula 12ª PCAP
- De non constituírse Mesa de contratación, que existe conformidade da clasificación concedida ao contratista que se propón como adxudicatario coa esixida no PCAP.

Asemade verificouse que se efectuou unha primeira fase de negociación que se reflectiu no informe inicial da Comisión negociadora do día 10/06/2016 e trala comunicación aos licitadores outorgándolles tres días para contestar, a Comisión emitiu informe definitivo; todo nos termos estipulados na cláusula 10ª dos PCAP, sendo os membros os indicados no apartado 22 do cadro de especificacións.

Examinada a proposta de clasificación á Mesa do Parlamento FISCALIZASE FAVORABLEMENTE.

Santiago de Compostela, a 27 de xuño de 2016

A interventora